

MAGNOLIA

Paul Thomas Anderson, 1999

1608

ESTREA EN NUMAX: 09.10.2025 | V.O.S.E. | 188 min

O filme consta de nove tramas paralelas ambientadas no Val de San Fernando, en Los Angeles: un neno prodixio, o presentador dun concurso de televisión, un ex-neno prodixio, un moribundo, o seu fillo perdido, a muller e o enfermeiro do moribundo. Son historias aparentemente independentes, pero que gardan entre si unha estraña relación.

«Cinema lírico, case intimista, pero con anchura e duración de obra épica»

Ángel Fernández-Santos, EL PAÍS



A flor da vida

Por Gonzalo Ballesteros

Nunha época na que a calidade da narración parece que só se mide en *cliffhangers*, *seasons* e *showrunners* é bo volver ao ano 1999 porque foi clave na historia da narración audiovisual. Ese ano David Chase e HBO presentáronnos a un tal Tony Soprano que se convertería no mellor comedor de pasta da Historia e, de paso, no antiheroe pioneiro da Idade de Ouro da televisión. Pero iso aínda non se sabía en 1999. O que si se soubo aquel ano é que o mozo director de *Boogie Nights* (1997) volvía con outra película debaixo do brazo, unha de historias cruzadas, con nove personaxes protagonistas e tres horas de metraje. Esa película, con nome de flor, parecía a priori demasiado arriscada ou demasiado pretenciosa pero todo aquel que lle concedeu eses 180 minutos coincide en que o risco e as pretensións eran necesarias para chegar a ser esa obra mestra da narración que é *Magnolia*.

Cando falamos sobre *Magnolia* adoitamos cometer o erro de definila como unha historia coral, de vidas cruzadas, —para mostra o parágrafo anterior— pero aínda que sexa cómodo e tecnicamente preciso non é realmente así. Máis aló do prólogo, do que descubriremos a súa función logo, o que vemos durante toda a metraje é unha soa historia, compartida, pero unha soa. Unha historia marcada polo pasado, a que busca o noso lugar no mundo, sobre a necesidade de amar e de ser amados, de perdoar e de ser perdoados, a historia da redención, do ser humano, da vida. Para contala válese, entre outros, dun neno prodixio e doutro que o foi, dun enfermeiro entregado, dunha muller adicta á autodestrución ou dun predicador “machirulo”. Estamos ante unha amálgama de personaxes inconexos con profundos medos, dramas ou situacións límites, na que aínda por riba choven ras e resulta que é o de menos!

Con todo, o tema da redención atópase de forma latente e a conexión entre os personaxes non se revela ata que avanza o filme, entón cal é a razón que nos atrae desde o minuto un? En que reside o magnetismo da película? Obviamente o director de entón non era o de hoxe, o acrónimo PTA aínda non era sinónimo de grande autor e debía convencer a cada espectador de que *Magnolia* era unha tolemia con sentido. Conségueo de dúas formas: cunha invitación e cunha demostración. A invitación faina no prólogo, mostrándonos tres historias increíbles que con todo sucederon, unha invitación para crer nas casualidades ou, polo menos, a deixar o noso escepticismo ao carón. Vivimos nun mundo no que un mergullador pode acabar na copa dunha árbore, vale? Así que hai cousas que pasan. Despois da invitación vén a demostración: a dun autor que é capaz de crear unha cremalleira narrativa que funciona á perfección, que se vale de labirínticos travellings e trampas visuais cando quere acelerar pero que tamén sabe frear e deterse nun primeiro plano ou aguantar un monólogo para que o filme respire. A mestría narrativa de Paul Thomas Anderson en *Magnolia* ten os seus puntos álxidos no converxente “Wise Up” de Aimee Mann ou no famoso e bíblico diluvio, pero non hai que perder de vista que esas escenas sobresaen porque o conxunto é moi sólido.

É bo volver a *Magnolia* case vinte anos despois, na época das series, porque segue asombrando a capacidade dun autor para sintetizar nunha película tantas tramas e abordar temas tan profundos. O propio PTA dixo de *Magnolia* que “para ben ou para mal, é a mellor película que fará nunca”, poderemos estar ou non de acordo pero é innegable o seu impacto. Un impacto que é tan grande porque sabe equilibrar as súas calidades cinematográficas cun torrente de emocionalidade que nos arrastra e no que nos vemos reflectidos. Á fin e ao cabo, hoxe amenceu parcialmente nubrado, hai un 82% de probabilidade de choiva e as cousas pasan.